

CREAMOS VALORES ESIXIMOS DEREITOS

ALUMNADO

Infantil e Primaria

Dramatizar algúns contos tradicionais cambiando o sexo dos/as protagonistas.

Crear diferentes recunchos na aula con distintas tarefas domésticas para que nenos e nenas as practiquen e valoren.

Representar nun cadro de dúas entradas "Un día na vida dos membros da túa familia".

Visitar algún centro de traballo próximo e analizar como están distribuídas as responsabilidades por sexos.

Na hora do recreo traballar co espazo, tentando redistribuílo. Traballar con xogos cooperativos e conseguir que as nenas ocupen tamén a parte central do patio.

Traballar a afectividade. Por exemplo, dramatizando situacións cotiás nas que expresemos de distintos modos o afecto entre familiares, amizades, etc.

Secundaria

Averiguar por qué o 8 de marzo é o Día Internacional das Mulleres.

Investigar sobre cándo e cómo acceden as mulleres ao voto.

Elaborar murais coas fotos e a historia de mulleres que destacaron en distintos aspectos da cultura.

Revisar a prensa e analizar a presenza de homes e mulleres nas distintas seccións e artigos.

Realizar unha revisión crítica das entradas do dicionario nas palabras Home e Muller e nalgúns adxectivos asociados a homes e mulleres (público - pública, fulano - fulana, zorro - zorra, etc).

Realizar redaccións nas que o alumnado imaxine cómo será a súa vida sendo un rapaz e sendo unha rapaza. Analizar criticamente as diferenzas.

PROFESORADO

Só na medida que recoñezamos as nosas actitudes sexistas seremos quen de modificalas e, o que é máis importante, de transmitir ao noso alumnado pautas de comportamento diferentes.

Propostas

Revisa a linguaxe que se utiliza na documentación que se manexa no centro procurando que non invisibilice ás mulleres.

Reflexiona sobre a linguaxe que utilizas na aula, nomea ás nenas.

Observa e corrixe as expresións despectivas que se utilizan asociadas ao feminino.

«A diferenza sexual non é a linguaxe quen a crea. O que debe facer a linguaxe é, simplemente, nomeala, posto que existe. De termos en conta que homes e mulleres temos o mesmo dereito a ser e a existir, o feito de non nomear esta diferenza é non respectar un dos dereitos fundamentais: o da existencia e a representación desa existencia na linguaxe».

FAMILIA

Enviar unha carta ás familias explicando por qué o 8 de Marzo é o Día Internacional das Mulleres, e lembrando que:

Ningún sexo é máis intelixente, habilidoso, creativo, cariñoso, etc. que o outro
Se queremos que as nosas fillas e fillos desenvolvan todas as súas posibilidades a escola e a familia debemos facer esforzos para:

- > *Considerar a mozos e mozas coas mesmas responsabilidades.*
- > *Respectar os seus gustos, diversións, amizades, aínda que no encaixen nas atribuídas tradicionalmente a cada sexo na nosa sociedade.*
- > *Favorecer que asuman as tarefas domésticas como responsabilidade de todas as persoas que viven na casa.*
- > *Mostrar afecto tanto aos rapaces como ás rapazas, e acoller favorablemente as súas expresións de afecto.*
- > *Desenvolver o seu espírito crítico ante os modelos que ofrece a sociedade, axudándolles a construír alternativas a esta situación*

En conclusión, dar ás rapazas autonomía, valoración delas mesmas, afirmación...e aos rapaces, a posibilidade de expresar os seus sentimentos, de non agochar os seus medos ou debilidades...A ambos, rapaces e rapazas, a posibilidade de ser elas mesmas, e non necesariamente o que a sociedade está a agardar.

«Hai que iniciar a destrución da masculinidade e feminidade tradicionais (...) posto que o desigual ritmo dos perfís de xénero está dificultando as nosas vidas, as de homes e mulleres, as nosas relacións, as nosas posibilidades. Estannos a poñer moi difícil a comprensión mutua, e incluso aquilo que chamamos felicidade.»

Marina Subirats

BIBLIOGRAFÍA

FRANCE, P. *Hacia una educación infantil no sexista*. Morata. Madrid, 1988

MORENO, M. *Cómo se enseña a ser niña: el sexismo en la escuela*.

Ed. Icaria, Barcelona, 1986.

OLIVEIRA MALVAR, M. *Eros: Materiais para pensar o amor*. Ed. Xerais, Vigo 1994

PÉREZ, M. E CURRAIS, X. *Feminino e masculino. Materiais de Coeducación*.

Educación Secundaria. 4 vol. Ed Xerais, Vigo 1995

SEMINARIO DE EDUCACIÓN PARA LA PAZ *Sistema sexo-género. Unidad didáctica*.

Ed. Los libros de la catarata, Madrid 1996

SUBIRATS, M., E BULLETT, C. *Rosa y azul: la transmisión de los géneros en la escuela mixta*. Instituto de la Mujer, 1988.

URRIZOLA, M.J. *¿Es posible coeducar en la actual escuela mixta? Una programación curricular sobre las relaciones afectivas y sexuales*. 1991.

CUADERNOS PARA LA COEDUCACIÓN. Varios títulos. Institut de Ciències de l'Educació.

CUADERNOS DE EDUCACIÓN NO SEXISTA. Varios títulos. Instituto de la Mujer.